

O trazado da mediatriz

A **mediatriz** dun **segmento** é a recta **perpendicular** a este que **o divide en dúas partes iguais**. Tamén é un **lugar xeométrico**: o dos puntos que manteñen a mesma distancia ós extremos dun segmento.

Os **pasos** a seguir para o seu trazado son:

1. **Abrir o compás** algo **máis da metade** do segmento dado AB e, **con centro no extremo A, debuxar un arco**.
2. **Sen modificar** a abertura do compás e **con centro en B**, trazar **outro arco** que **cortará** ó anterior **nos puntos C e D**.
3. **Unir os puntos** C e D para obter a mediatriz.

EXERCICIO

Traza a mediatriz do segmento AB.

